



RESOLUCIÓN DO 27 DE AGOSTO DE 2018 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS PARA EQUIPAMENTO DE CENTRO SOCIOCULTURAL EN SOLO RÚSTICO NO LUGAR DE VALADIÑO, CONCELLO DE CARNOTA

Promotor: Concello de Carnota

Órgano substantivo: Concello de Carnota

Expediente: 2018AAE2166

Código web: 2106/2018

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O concello de Carnota dispón dunhas Normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente o 08.06.1996, que foron obxecto de varias modificacións puntuais. Recentemente iniciou a tramitación do plan xeral de ordenación municipal.
2. O día 08.02.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Concello de Carnota no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan especial de dotacións para equipamento de centro sociocultural en solo rústico no lugar de Valadiño. O día 30.05.2018 recibese a documentación completa (documento ambiental estratéxico e borrador da proposta) en resposta aos requirimentos emitidos o 19.02.2018 e 08.05.2018.
3. O día 13.06.2018 esta Dirección Xeral iniciou, a través da súa sede electrónica, un período de consulta pública dos documentos recibidos por un prazo de dous meses. Ao mesmo tempo consultouse á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, entre outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o regulamento da citada Lei do solo (RLSG).
2. Segundo o artigo 46.2b) da LSG o planeamento de desenvolvemento debe someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
3. De acordo co artigo 75.3b) da LSG, o órgano ambiental -tras consultar ás administracións públicas afectadas e as persoas interesadas por un prazo de dous meses- formulará o informe ambiental estratéxico, que determinará se o plan ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.
4. O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a


estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaria pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do Plan especial

Ámbito de actuación: lugar de Valadiño, na parroquia de San Mamede, no límite do concello de Carnota co de Mazaricos, na provincia da Coruña.

Correspóndese cunha parcela de propiedade municipal (ref. catastral: 15020A050006000000MB) que abrangue 18.390 m², situada en solo non urbanizable de protección de cultivos segundo as Normas subsidiarias de planeamento municipal e que alberga unha nave e unha pista deportiva.



Situación do ámbito e da parcela de actuación.

Obxecto: dotar ao concello de Carnota dun equipamento público no lugar de Valadiño para dar servizo aos núcleos da contorna e favorecer a interacción da poboación.

Proposta: xustifícase a elección deste emprazamento por tratarse dunha parcela de titularidade municipal, superior aos 2.000 m² requiridos pola LSG e situada nun lugar equidistante entre os núcleos de poboación de Adraño, Cubelo, Outeiro, Vilar de Outeiro ou Xestoso aos que se pretende dar servizo.


A actuación prevé a construción dun centro sociocultural situado entre as instalacións existentes na parcela, que supón unha ocupación do 8,49%. Será de planta baixa, cunha altura máxima de 7 m, con cuberta a dúas augas e con dous porches en dúas das fachadas. A superficie construída será duns 87,40 m².

Segundo indica a documentación, en canto ao axardinamento ou mobiliario urbano, a actuación non leva consigo modificación do estado actual do resto da parcela agás na implantación da nova edificación.



No tocante aos servizos, o abastecemento realizarase desde a rede municipal, mentres que as augas fecais serán tratadas nunha fosa séptica que se instalará na parcela -que tamén dará servizo ás instalacións existentes- e as augas pluviais serán vertidas ao terreo.

O sistema de actuación previsto é o de concerto e para execución das obras de urbanización tramitarase o correspondente proxecto de urbanización.



Proposta de localización do centro.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O concello de Carnota sitúase ao oeste da provincia da Coruña, na Costa da Morte. Acolle unha poboación de 4.060 habitantes, repartida en 51 entidades singulares e 5 parroquias (INE, 2017).

O ámbito de actuación localízase na zona nordeste do concello, xunto ao viario asfaltado de carácter local de Gosende e Arcos, no límite co municipio de Mazaricos. Dito viario enlaza coa estrada comarcal AC-400 que vai dende Muros ata Cambre e outras de carácter local que comunican coa AC-550 de Cee a Ribeira ou coa DP-3404.

Trátase dunha parcela cunha topografía relativamente chaira que conta cunha edificación de uso comercial e de almacenaxe -constituída por unha nave principal e outra anexa de menor tamaño- (551 m²) e unha pista deportiva (922 m²), entre as cales se situará o centro sociocultural previsto.

Os terreos afectados están ocupados por vexetación herbácea e algún pé illado de piñeiro.

Segundo as Normas subsidiarias de planeamento municipal, insírese dentro do solo rústico de protección de cultivos.

Se ben a maior parte do concello está afectado polo *Plan de ordenación do litoral*, a actuación quedaría fóra do seu ámbito de aplicación.

Segundo o *Catálogo das paisaxes de Galicia*, a actuación sitúase na comarca "Terra de Xallas", incluída na grande área paisaxística "Chairas e Fosas Occidentais", e non coincide con ningunha área de especial interese paisaxístico.

No ámbito e na súa contorna non se localiza ningún espazo natural protexido, nin hábitats de interese cartografados. O curso fluvial máis próximo é o Adraño, que discorre a uns 250 m cara o oeste.

Tampouco se detectan *a priori* bens de interese patrimonial na contorna próxima ao ámbito.

En canto aos servizos, a parcela conta con abastecemento da rede de auga municipal, alumeadado público e electricidade, pero non dispón de rede de saneamento.

3. Período de exposición pública e consultas previas

Recibiuse resposta da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

O Concello deberá considerar este informe no proceso de elaboración do Plan, para o cal se lle remite o texto íntegro deste. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Sinala que o equipamento público trátase dun uso público ou actividade construtiva admisible en solo rústico (art. 35.1.p da LSG) para o que é necesario aprobar un plan especial de dotacións.

O Plan deberá cumprir as determinacións do artigo 73 da LSG e 183 do RLSG, incluíndo o destino concreto para cada espazo do ámbito e as medidas necesarias para a súa adecuación co entorno.

Indica que o borrador achega a documentación dun proxecto básico e de execución da edificación, polo que debe terse en conta que de incorporarse este proxecto ao Plan especial, as súas determinacións construtivas son vinculantes e só poden alterarse mediante a modificación do Plan.

Deberán corrixirse as ordenanzas e normas reguladoras en relación ao sistema de actuación, que non procede establecer, xa que as actuacións son municipais nun terreo de titularidade do Concello.

Para a súa tramitación seguirase o procedemento sinalado no artigo 75 da LSG e o Concello deberá solicitar os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivas xunto co trámite de información pública.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Analizada a documentación remitida, as características do ámbito afectado e as respostas ás consultas realizadas, fanse as seguintes consideracións:

O Plan especial promove a construción dun centro sociocultural municipal no concello de Carnota. Non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para a implantación desta dotación e non inflúe noutros plans ou programas.

Tendo en conta a actuación prevista, a reducida superficie da edificación, a inexistencia de valores naturais destacables e a súa localización xunto a outras construcións, considérase que os posibles efectos sobre o consumo de solo e de recursos ou afección á paisaxe non resultarán significativos. Para contribuír a unha axeitada integración do equipamento coa contorna, a proposta do Plan deberá considerar as determinacións ambientais que se establecen neste informe.



PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o *Plan especial de dotacións para equipamento de centro sociocultural en solo rústico no lugar de Valadiño, concello de Carnota* ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente. No entanto, para favorecer a sustentabilidade da proposta, atenderase á seguinte **determinación**:

- Contemplaranse as medidas necesarias para favorecer a integración paisaxística da edificación e da súa contorna, a través do emprego de materiais e acabados adecuados ao solo rústico no que se insire.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Margarita Segade Castro

Conforme:

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

José Manuel Tobío Boquete



RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o *Plan especial de dotacións para equipamento de centro sociocultural en solo rústico no lugar de Valadiño, concello de Carnota***. Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais, integrarase no planeamento as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal); remitirase ao Concello de Carnota, xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación do Plan especial.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase o Plan especial o prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do Plan especial.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

